

TEMPO DE ENTROIDO 2025

O Concello de Outes, abre o prazo de inscrición para o servizo de conciliación “**TEMPO DE ENTROIDO**”, do programa Outes Concilia, destinado a nenas e nenos de **idades comprendidas entre os 3 anos (escolarizados) e os 12 anos**, que se desenvolverá os días, **3 e 4 marzo, en horario de 8:00 a 16:00 h., no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.**

A inscrición permanecerá aberta desde o **14 ao 21 de febreiro**. As prazas son limitadas.

Xunto coa solicitude de inscrición débese achegar o consentimento para o tratamento de datos persoais CIM, servizos do programa “Outes Concilia”, ambas debidamente cubertas e firmadas xunto coa documentación complementaria.

Documentación complementaria a achegar, sempre que non esté en poder do Concello de Outes, si xa constase comuniquen o expediente no que figura:

Fotocopia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acredítalo co título correspondente.

Fotocopia da tarxeta sanitaria da/o menor.

Copias da declaración da renda do ano 2023 de ambos proxenitores.

O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise.

As familias poderán facer uso do servizo en función das súas necesidades, permitindo a entrada e saída flexibles. **Para o bo desenvolvemento das actividades programadas**, recoméndase a aquelas familias que non vaian a facer uso do horario completo do servizo, **incorporarse ao mesmo sobre ás 10:00 h e saída a partir da 13:30 h.**

As nenas e nenos terán opción de almorzar e xantar no servizo, para iso é preciso comunicalo previamente e aportar os alimentos en termos ou neveiras.

O **prezo público** establecido na ordenanza reguladora corresponde e ascende a **10 €** o total do servizo.

Exención e bonificación.

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exención:

A emisión dun Informe Social do Departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do mesmo conlevará a exención dá cota.

2.- Bonificación:

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto do 50%.

A listaxe de admisión no servizo será publicada na páxina web do Concello de Outes.

As solicitudes poden **presentarse de xeito telemático**, a través da sede electrónica do Concello (<https://outes.sedelectronica.gal>), **ou** de xeito **presencial** no Rexistro do Concello de Outes en horario de 9:00 h a 14:00 h de luns a venres.

Máis información no CIM de Outes, en horario laboral de 9:00 a 14:00 horas, teléfono 981850949.